

## Das älteste portugiesische Kochbuch

In der Biblioteca Nazionale von Neapel befindet sich mit der Signatur I.E.33 eine Handschrift vom Ende des 15. oder Anfang des 16. Jahrhunderts, die, obwohl auf ihrem Titelblatt "Trattado di cucina spagnuolo" vermerkt ist, portugiesische Rezepte enthält<sup>1</sup>. Eines davon hat J. Leite de Vasconcelos in seiner Sammlung von *Textos arcaicos* (<sup>3</sup> 1923) abgedruckt (S. 98/99). Die Handschrift besteht aus vier 'Heften' mit insgesamt 73 Blatt. Viele Blätter sind, offenbar im Hinblick auf Nachträge, freigeblieben. An zahlreichen Stellen ist der Text nur sehr schwer oder überhaupt nicht mehr zu entziffern (zumindest anhand des mir vorliegenden Mikrofilms), zum Teil, weil wegen der schlechten Qualität des Papiers die Tinte durchgelaufen ist. Nachstehend eine Inhaltsübersicht:

Auf f. 2v<sup>o</sup> ist in jüngerer Schrift ein Rezept eingetragen. Auf der nächsten Seite (3r<sup>o</sup>) folgt, ebenfalls in einer Schrift aus dem 16. Jh., eine kurze Notiz "Pera se fazer sesemta varas de veludo de pello [ ]". "Es schliessen sich Eintragungen in einer schwer zu entziffernden Kursivschrift an (3r<sup>o</sup>-3v<sup>o</sup>). Das eigentliche Werk beginnt f. 4r<sup>o</sup>.

[I] Caderno do ma[m]gares de carne: Pasteis de carne (5r<sup>o</sup>). Tigellada de perdiz (5v<sup>o</sup>). *Galinha mourysqua*. *Galinha* albardada (6r<sup>o</sup>). Pasteis de tutanos (6v<sup>o</sup>). Alfatete<sup>2</sup> (7r<sup>o</sup>). Receta das miucellas<sup>3</sup> (7v<sup>o</sup>). [Ohne Überschrift] (8r<sup>o</sup>). Como se fazem os frangãos pera os etiguos (8v<sup>o</sup>).

Blatt 9 und 10 sind unbeschrieben; es folgen, f. 11r<sup>o</sup>-17r<sup>o</sup>, in etwas jüngerer Schrift, 17 Rezepte, die nicht zur ursprünglichen Sammlung gehören: Receyta dos tutanos (11r<sup>o</sup>). Receyta da tortora (?). Receita de pastell de figados de cabrito (11v<sup>o</sup>). Receyta dos [ca]nudos dos ovos mexidos (12 r<sup>o</sup>). Receita da lamprea. Receita da uagua picada *em sequo* (?) (12v<sup>o</sup>). Receita do [ ] da galinha. Rreceita dos pasteis dos pombinhos (13r<sup>o</sup>). Receyta dos pasteis [ ] (13v<sup>o</sup>). Receyta da galynha alardada (14r<sup>o</sup>). Esta he a rreceyta da galynha cozida e *emropada* (14v<sup>o</sup>). Receyta do [ ] (15r<sup>o</sup>). Receyta da *galinha* mourisqua. Esta he a rreceyta dos laparos (15v<sup>o</sup>). Esta he a rreceita das boldrorgas (?) (16r<sup>o</sup>). [Re]ceyta do coelho *em* tigela (16v<sup>o</sup>). Receyta da ti[gelada de perdiz] (17r<sup>o</sup>). - Blatt 18-27 unbeschrieben.

[II] Caderno dos mamgares de ovoos (28r<sup>o</sup>): Pera fazer ovos mexidos (29r<sup>o</sup>). Canudos. Ovos de llaços (29v<sup>o</sup>). Pasteis de marmellos (30r<sup>o</sup>). - Blatt 31-39 unbeschrieben.

<sup>1</sup> Beschreibung bei A. Pellizzari, "I manoscritti portoghese della R. Biblioteca Nazionale di Napoli", *Studi di Filologia Moderna*, 2 (1909), p. 108.

<sup>2</sup> *alfite*.

<sup>3</sup> *miuçalhas*.

[III] Caderno dos mangares de leyte (40r<sup>o</sup>): Mamjar bra[n]quo (41r<sup>o</sup>). Pastéis de leite (41v<sup>o</sup>). Leite cozido (42r<sup>o</sup>). Tigelada de leite. Beilhos<sup>4</sup> d' arroz (42v<sup>o</sup>). Tigelladas (*HS.*: tillegadas) de leyte de dona Isabell de Villana (43r<sup>o</sup>). Almogauanas<sup>5</sup> de dona Ysabell de Villana (44r<sup>o</sup>). - Blatt 46-51 unbeschrieben.

[IV] Caderno das cousas de comseruas (52r<sup>o</sup>). Pera fazer diacidrão (53r<sup>o</sup>). Comserua *em* que se faz (54r<sup>o</sup>). Casquynhas. *Receita* pera fazer pesegos (54v<sup>o</sup>). Pera fazer limões (55r<sup>o</sup>). Peras e codornos (56r<sup>o</sup>). Perynhas dormyd[ ] (56v<sup>o</sup>). *Receita* da bobara<sup>6</sup> (57v<sup>o</sup>). Talos d'alface (58v<sup>o</sup>). Pera [ ] diacidrão. Frol de laranja (59v<sup>o</sup>). Marmelada de [ ] Ximenes (60v<sup>o</sup>). Pera [fazer] bocados (61r<sup>o</sup>). Pe[ra clari]fiquar (?) açuquar (*HS.*: acuquar) (61v<sup>o</sup>). Perada (62r<sup>o</sup>). Mermelada de dona Joana (Josefa?) (62v<sup>o</sup>). Pera fazer alfeloas (63r<sup>o</sup>). Pera -fazer] *confeitos* (63v<sup>o</sup>). Fartêes (64r<sup>o</sup>). Biscoutos (65r<sup>o</sup>). Pera fazer maçapaaes (*HS.*: macapaaes). Pão de llo (66r<sup>o</sup>). Pesegada (66v<sup>o</sup>). Pera fazer almiuar de marmelos. - Blatt 67v<sup>o</sup>-71r<sup>o</sup> unbeschrieben. Es folgen, von jüngerer Hand, drei Recepte gegen Krankheiten: *Recepta* de dom Luis de Moura *pera* os dentes (72v<sup>o</sup>). *Receita* *pera* squinencia (73r<sup>o</sup>). *Receita* *pera* ffoço ou escaldamento (73v<sup>o</sup>).

Auf der iberischen Halbinsel sind kulinarische Werke zuerst aus Katalonien bezeugt. So sind in Handschriften des 15. Jahrhunderts überliefert das *Libre de potatges de menjar* (Barcelona, Bibl. Univ. 68, olim 21-2-19, f. 185-258), das *Libre de Sent Sovi*<sup>7</sup>, das *Libre de totes maneres de confits*<sup>8</sup> und das *Libre del Coch* eines "Mestre Robert"<sup>9</sup>. Letzterer erscheint in der spanischen Übersetzung (ältester Druck 1525) als "Ruperto de Nola". Vielleicht geht auch das portugiesische Kochbuch, das mit einer Tochter Johanns III., die in Parma mit einem Farnese verheiratet war, nach Italien gelang ist<sup>10</sup>, auf eine katalanische Vorlage zurück. Sollte es sich bei der zweimal genannten Isabel de Villana um Isabel de Villena (gest. 1490) handeln, eine illegitime Tochter von Ennrique de Villena, die seit 1463 Abtissin eines Klarissinenklosters in Valencia war und die eine *Vita Christi* in katalanischer Sprache verfasst hat?

WALTER METTMANN

Münster

<sup>4</sup> *beijos*.

<sup>5</sup> *almojâvenas*.

<sup>6</sup> *abóbora*.

<sup>7</sup> Erhalten in zwei Fassungen. Edd. L. Faraudo, *BALBL* 24 (1951-52), 5-81; R. Grewe, Barcelona 1979 (*Els Nostres Clàssics*, 115).

<sup>8</sup> Ed. L. Faraudo, *BALBL* 19 (1946), 97-133.

<sup>9</sup> Ed. V. Leimgruber, Barcelona 1977.

<sup>10</sup> Pellizzari, l.c., p. 105.

*Minorités linguistiques et interventions, essai de typologie/Linguistic Minorities and Interventions, Towards a Typology*, Colloque sur les minorités linguistiques tenu à l'Université Laval du 15 au 17 avril 1977, Travaux du Centre International de Recherche sur le bilinguisme, Les presses de l'Université Laval, Québec, 1978.

En 1967 fundouse o CIRB ("Centre International de Recherche sur le Bilinguisme") coa finalidade primordial de estudar o fenómeno do contacto de linguas, cos seus diversos problemas de definición, descripción, documentación, medida, tipoloxía e metodoloxía. O CIRB ten desde 1967, ano en que organizou, en colaboración coa UNESCO, un Coloquio sobre *A medida e a definición do bilingüismo*, unha viva actividade que se manifesta sobre todo na Mesa Redonda internacional sobre o tema *Os Estados multilingües: problemas e solucións*, e nun importante número de publicacións que aquí non imos enumerar.

Nesta liña de traballo e investigación que vén caracterizando ó CIRB constitúe un fito importante a organización do Coloquio que tivo lugar na Universidade Laval, desde o 15 ó 18 de Abril de 1977, sobre o tema *Minorías lingüísticas e intervencións. Ensaio de tipoloxía*, en colaboración co ICHEC (Centro de investigación en economía aplicada) de Bruxelas, e co Instituto Europeo de Altos Estudos de Niza. As actas deste coloquio, publicadas na Universidade Laval no cuarto trimestre de 1978, nun mesteo volume de 318 páxs., constitúen o obxecto da nosa recensión.

Ábrese a obra cun índice de materias, seguido dunha lista dos 24 colaboradores, coa indicación da súa profesión e procedencia. Unha das características que primeiro chama a atención do lector é a diversidade profesional dos colaboradores, entre os que aparecen filósofos, antropólogos, lingüistas, sociolingüistas, publicistas, etc. Este feito sitúanos diante dunha das características fundamentais deste coloquio: a pluridisciplinaria, tal como expón Sélím Abou na conferencia síntese (páxs. 303-308), consiste en facer colaborar dúas ou mais disciplinas respetando a autonomía de cada unha delas, aínda que pra funcionar correctamente, e non se perder nunha infinidade de enfoques diverxentes, a pluridisciplinaria debe vir solicitada por unha disciplina determinada que impoña a súa perspectiva. A complementariedade de dúas ou mais lecturas dun mesmo fenómeno non sería posible de non se situaren estas lecturas na mesma perspectiva.

O corpus do libro consta de sete capítulos, dos que o primeiro é unha introdución ó coloquio, os cinco seguintes están adicados a cada unha das cinco ponencias debatidas (seguidas todas elas dos comentarios de personalidades relevantes na materia), e o sétimo recolle unha conferencia-síntese. Inclúese ó final da obra a conferencia pronunciada no banquete de clausura.

No primeiro capítulo, "Exposé introductif au colloque" (páxs. 1-13), Jean-E. Humblet, despois dunha rápida e parcial panorámica de distintas situacións plurilingües no mundo, pregúntase se é posible facer unha tipoloxía delas. Analiza a feita por Falch e rexéitaa porque, desde un punto de vista lingüístico, esta clasificación non dá conta da complexidade da realidade. Propón, alternativamente, a seguinte caracterización das situacións, que constitúe, ó noso parecer, a principal aportación da súa intervención:

- 1) patois ou dialecto e lingua de cultura do mesmo grupo lingüístico, por exemplo, o valón e o francés en Valonia;
- 2) lingua sin Estado e lingua de cultura doutro grupo, pro da mesma familia lingüística, por ex., o catalán e o castelán en Cataluña;

- 3) dialecto ou patois e lingua de cultura doutro grupo e doutra familia lingüística, por ex., o alsaciano e o francés en Alsacia;
- 4) lingua sin Estado e lingua de cultura doutra familia e doutro grupo lingüístico:
  - a) con estatuto oficial: galés e inglés en Cymru (País de Gales);
  - b) sin estatuto oficial, pro con posibilidades de ensino: bretón en Francia;
  - c) sin estatuto oficial e sin posibilidade de ensino: eusquera en España;
- 5) lingua con Estado noutra parte, minoritaria nun lugar dado, e lingua oficial, por ex., o polaco en Winnipeg e o inglés;
- 6) linguas con Estado, teoricamente en pé de igualdade, por ex., o francés e o neerlandés en Bruxelas, o singalés e o tamul en Ceilán.

Humblet salienta a importancia do problema do bilingüismo nas diversas disciplinas: etnoloxía, sociolingüística, pedagogía, dereito, etc., e presenta as principais conexións deste problema con cada unha delas. Trátase, xa que logo, dun fenómeno que debe ser abordado por diversas disciplinas pra poder dar conta dos complexos aspectos que o conforman.

No capítulo segundo desenvólvese a ponencia de Guy Héraud "Notion de minorité linguistique" (páxs. 15-38). Partindo da definición lóxica de *minoría* = *Estado-nación* - *maioría*, considera que a minoría lingüística pertence á categoría dos obxectos estruturais, e non á dos conxunturais. A minoría lingüística ten vocación de se transformar en comunidade (aparición da conciencia colectiva) e de se transformar en colectividade política (aparición dunha organización política propia).

O ponente distingue a *Nación de vontade* (colectividade animada da vontade de formar un Estado soberán e de se encontrar reunida nel) do *Estado-nación* (comunidade de cidadáns dun mesmo Estado soberán) e da *Nación étnica* (lingüística e cultural). A historia, a relixión, a raza poden se-lo fundamento da orixinalidade cultural, pro parece que a reivindicación nacional apoiada na relixión e na raza está recuando no mundo, sobre todo no occidental. Por isto o futuro parece pertencer ás comunidades de cultura con base lingüística. Esta reflexión leva a Héraud a pregoar que "dans l'humanité de demain, pacifiée et coopérante, vouée aux arts et à la culture, les hommes devraient se compter selon la langue".

A ninguén se oculta que as relacións interétnicas son a miúdo conflitivas. Esta dinámica conflitiva interétnica organízase segundo o esquema seguinte: a *comunidade de vontade* sufriu a dobre presión antagonista do Estado e da etnia. O Estado (isto é, a maioría étnica, da que o Estado é o seu instrumento) esfórzase por inculca-los seus valores e as súas leis ós suxeitos minoritarios, pro o fondo étnico (o etnotipo, os intereses, o sentimento de dignidade) segrega forzas de resistencia que despertan a conciencia minoritaria e desencadean o proceso de liberación. O espectáculo universal dos *nacionalismos de liberación* e o seu trunfo case seguro —a través de probas e desfeitas momentáneas— fai pensar a Héraud na existencia dunha especie de *determinismo de liberación étnica*, determinismo que lle permite afirmar que toda minoría nacional está en marcha cara á súa liberación. En realidade, sería arriscado afirmar que en calquera momento da súa historia unha minoría lingüística sexa unha minoría nacional, pro o que parece indubidable é que *ten vocación de chegar a ser*. Pola contra, non se podería decir que toda minoría nacional sexa tamén minoría lingüística, porque a vontade da minoría nacional pode te-las súas raigañas na valoración doutros aspectos culturais non lingüísticos.

E especialmente clarificador o concepto de *dereito real* das linguas, xa que hai que rebasa-lo punto de vista das calificacións formais pra buscar na práctica este dereito. Pra Héraud, dirase que hai minoría lingüística cando unha poboación (sexa numericamente maioritaria ou non) se ve impoñer na escola e na vida pública, xa o bilingüismo,

xa o uso exclusivo doutra lingua que non sexa a súa propia. Certamente, as situacións das minorías lingüísticas son moi variadas, e o ponente agrúpaas en 13 tipos distintos.

Os comentaristas desta primeira ponencia son Jean Poirier (páxs. 39-62), Alain Prujiner (páxs. 63-64) e Sergio Salvi (páxs. 65-69). Jean Poirier constata a existencia de numerosas discordancias entre pertenza lingüística e personalidade cultural. Distíngue un triple conxunto de disparidades:

- 1) disparidades entre áreas lingüísticas e áreas culturais;
- 2) disparidades entre áreas lingüísticas e culturais e pertenza política;
- 3) disparidades entre áreas lingüísticas, áreas culturais e grupos nacionalitarios (comunidades de querer-vivir).

Á vista destas disparidades, pensa que o feito lingüístico non é un criterio obxectivo a partir do cal se poida trazar os contornos dunha comunidade solidaria e consciente da súa personalidade, e que os verdadeiros factores da conciencia de grupo constitúen un conxunto complexo do que é imposible aillar un elemento particular. Non lle falta razón a Poirier ó manter que a conciencia de grupo vén dada por un complexo grupo de factores que son o sustento da *matria* (na súa terminoloxía) ou patria cultural; pro tampouco é menos certo que o feito da posesión dunha lingua propia é un factor importantísimo na formación e na pervivencia da conciencia diferencial dunha comunidade. É este precisamente o aspecto no que incide fundamentalmente o comentario de Sergio Salvi, quen, mesmo recoñecendo que a lingua é só unha das características da nacionalidade, parece observar unha certa interdependencia entre ambas, pois normalmente a lingua renace cando a nacionalidade resistiu, pro tamén, noutros casos, coa lingua desaparece incluso a nacionalidade. Segundo Salvi, a restauración lingüística é o problema da nova apropiación da súa propia linguaxe étnica por unha comunidade nacional negada.

A segunda ponencia, a cargo de Peter Perenthaler leva por título "Modes d' action juridique dans le domaine linguistique" (páxs. 71-83).

O autor ponnos en guardia diante de certas democracias formais que no fondo agachan pretensións hexemónicas. Se se quere unha verdadeira soberanía do pobo e non, a través dunha igualdade formal mal comprendida, unha mera democracia formal que cobre as pretensións hexemónicas dunha maioría, cómpre que as competencias necesarias prá seguridade e salvagarda dun grupo étnico —que, no Estado enteiro, está reducido de maneira permanente á situación minoritaria— sexan plenamente garantizadas, tanto no seu enunciado como no seu exercicio autónomo.

O autor fundamenta a protección xurídica das linguas nos dereitos do home, e prevén contra a perda que pode supoñer a desaparición dunha lingua: o abandono da diversidade lingüística debe ser considerado como un empobrecemento da cultura da humanidade e como o camiño da masificación total.

Segue fundamentalmente a Heinz Kloss na clasificación dos dominios de protección xurídica. Esta protección non debe quedar no estadio da tolerancia nas relacións non estatais, isto é, nas privadas, senón que fai falla tamén promover o emprego da lingua no dominio das relacións públicas e poñela, tamén alí, en igualdade de dereitos coa lingua principal.

Respecto ás formas de protección lingüística, pensa que os dereitos lingüísticos, situándoos no miolo dunha protección dos grupos étnicos, están garantizados da mellor maneira por un *federalismo étnico*, e alí onde non sexa posible unha estrutura federal do Estado deberíase realizar unha verdadeira *autonomía territorial* ou unha *autonomía persoal*, segundo os casos. Pro a estes sistemas cómpre sempre liga-la autonomía lingüística, escolar e cultural.

Perenthaler fai, por último, unha análise dos dereitos lingüísticos na realidade política de Europa. Neste apartado están xa desfasadas as descripcións que fai da situación

do eusquera, catalán e galego no Estado español, pois aínda que desde o punto de vista do que Guy Héraud chamaría "estatuto real" das linguas a situación apenas mudou, non hai dúbida de que no aspecto legal a fasquía do problema lingüístico en Cataluña, Euzcadi e Galicia é distinta da descrita polo autor no ano 1977.

A ponencia vai seguida dos comentarios de Alberto Escobar (páxs. 84-85), Marc Lengereau (páxs. 86-103) e Rudolf Viletta (páxs. 103-139). Lengereau, que prefere a palabra "grupo" ó termo "minoría", desconfía asimesmo do termo "protección", revelador da relación dominadores/dominados, e que implica en si mesmo unha certa concepción desta relación que nin Lengereau nin nós compartimos. Cómpre preguntarse se un grupo étnico en situación de minoría no Estado pode dispoñer de órganos de decisión propios, ou ben se debe ser "protexido" por órganos do Estado. Pra que exista un completo desenvolvemento da lingua é necesario, xeralmente, un réxime, se non de independencia, polo menos da mais ampla autonomía política global (o caso de Suíza é excepcional). Unha autonomía parcial non só corre o risco de se manifestar incapaz de impedir a decadencia ou a eliminación da lingua local, senón que aínda pode contribuír a isto último. Unha autonomía tal ten a miúdo un valor de transición e de comuflaxe dunha política de asimilación practicada polo poder central.

Langereau denuncia os límites dos métodos xurídicos de protección lingüística, e pregunta se non convén orientar a protección lingüística dun grupo, ben cara a un réxime de bilingüismo real (o que obriga a manter un equilibrio moitas veces fráxil, ou que conduce ó expolio de facto dunha das linguas), ou ben cara a un réxime de monolingüismo no territorio do grupo minoritario, de tal maneira que a lingua maioritaria no Estado non xogue mais papel có dunha segunda lingua ensinada, pro non practicada comunmente.

Este comentarista sinala como sectores de intervención que ocupan un primeiro plano os seguintes: 1. Escolaridade e ensino (unha protección digna deste nome debe privilexiar moi netamente, na súa propia área natural, a lingua local); 2. Administración e servicios públicos (necesidade de que a lingua local sexa a utilizada pola autoridade política, administrativa, xudicial, e polos servicios públicos); 3. Medios de comunicación e vida económica.

Da intervención de Rudolf Viletta nós salientariamos dous aspectos moi concretos. En primeiro lugar, o recoñecemento de que o dereito das linguas é mais cá suma de tódalas normas xurídicas referidas á lingua: comprende, en particular, o dominio do dereito non escrito e do dereito consuetudinario. En segundo lugar, a definición do principio territorial das linguas, entendendo por tal aquel mediante o cal a garantía do comportamento que concerne á lingua observada polo home no seu contexto social debe depender dun territorio determinado. A amplitude desta garantía varía segundo que este territorio corresponda ou non ó dominio de validez tradicional da lingua en cuestión. En aplicación deste principio, todo inmigrante está obrigado a se someter á lingua que forma parte naturalmente do patrimonio cultural da comunidade na que el elixe o seu domicilio. Isto vale na medida en que o seu comportamento, no tocante á lingua, sobrepare o cuadro da vida estritamente privada.

A ponencia de Guy Plastre leva por título "Typologie des interventions dans les services publics" (páxs. 141-175). En primeiro lugar trata de fixar a definición dos termos "intervención", "servicio público", "minoría lingüística" e "tipoloxía". Segundo Plastre, o verdadeiro problema das minorías lingüísticas non é o de grupos demograficamente minoritarios, fronte a un grupo maioritario. Non se trata dun problema de número, senón de hexemonía. Pró autor, a lingua, como a cor, a relixión, a orixe étnica, constitúe un catalizador de forzas en xogo que son mostra, de feito, do orde político e económico. Na súa exposición e na súa tipoloxía confunde deliberadamente as minorías lingüísticas propiamente ditas e as maiorías lingüísticas socioeconómica-

mente minoritarias no seu territorio nacional, por non constituíren mais ca unha soa e mesma realidade socio-política.

Na súa análise tipolóxica das intervencións dos servicios públicos pra coas minorías lingüísticas, ten en conta os seguintes parámetros: 1) as partes implicadas (interventores e destinatarios), 2) as modalidades da intervención (dinamismo, extensión xeográfica, aporte sociolóxico), 3) o obxecto da intervención, e 4) a función que persegue (intención, efecto).

1) *Partes*. Unha intervención por acción ou por omisión implica sempre un interventor e un destinatario. Do lado do *Interventor*, a tipoloxía de Plastre precisa o seu *estatuto* ("situación que ocupa o interventor fronte ó destinatario") e o *grado de latitude* ("motivación que o move á acción"). Segundo o estatuto, as intervencións poden ser *individuais* ou *institucionais*. Segundo o grado de latitude, *obrigatorias* (*accións que se han de tomar* con vista a se conformaren: 1. en garantías constitucionais; 2. en obrigacións xurídicas; 3. en disposicións estatutarias ou regulamentos imperativos; 4. na natureza mesma dos deberes e tarefas inherentes a unha función) ou *libres* (froitto espontáneo dunha iniciativa non forzada). Do lado do *Destinatario*, unha intervención pode estar dirixida á comunidade *maioritaria* ou á comunidade *minoritaria* (autóctonos, minorías tradicionais ou oficiais, minorías novas, minorías de paso).

2) *Modalidades*. Clasifica as intervencións polo seu *dinamismo* (directas ou indirectas), pola súa *extensión xeográfica* (supranacionais, nacionais, locais, puntuais) e polo seu *aporte sociolóxico* (igualitaria, isto é, antidiscriminatoria, e preferencial).

3) *Obxecto*. A intervención pódese facer en materia de lingua (intervención *lingüística*), pódese levar ó terreo da cultura (intervención *cultural*), ou pódese facer en materia socio-económica e actuar no conxunto dos dereitos ordinarios de todo cidadán.

4) *Función*. As intencións do interventor pódense reducir a cinco funcións principais: divertir (*lúdica*), aproximar (*fática*), informar (*cognitiva*), sensibilizar (*conativa*) e formar (*didáctica*). En canto ós efectos que se desprenden prás minorías, as intervencións dos sectores públicos poden levar ó aillamento (*segregacionista*), á integración (*integrativo*) ou á asimilación (*asimilador*).

Evidentemente, non tódolos tipos de intervención descritos por Plastre son desexables, e algúns deles mesmo parecen funestos prá consecución dunha vida digna, e aínda prá supervivencia dos grupos desfavorecidos. O autor móstrase consciente das limitacións de todo tipo de intervención: "Les stratégies les plus favorables, compte-tenu de la complexité propre de chaque milieu, n'auront qu'une efficacité relative. La vie linguistique des groupes minoritaires sera toujours plus difficile que celle des groupes majoritaires. C'est une loi de la Nature elle-même, dite aussi, loi de la jungle: la vie des faibles est toujours plus menacée que celle des forts" (páx. 170). Non hai dúbida de que o único factor capaz de reduci-las desigualdades de trato dos servicios públicos é a redución e eliminación de tódalas desigualdades económicas e sociais que apremen a todo grupo desfavorecido.

A ponencia de Guy Plastre vai seguida dos comentarios de Heinz Kloss (páxs. 176-186), Fried Esterbauer (páxs. 187-197) e Alain Fenet (páxs. 198-208). É especialmente interesante a puntualización que fai este último sobre a "intervención", que supón sempre: a) un xuíz que resolva o litixio e que decida principalmente a intervención, b) un procedemento pró exercicio da intervención, e c) unhas regras en canto á admisibilidade da intervención. Pregúntase Fenet: se o interventor é xuíz da súa intervención, ¿quen lle impedirá tomar partido no litixio?. Na realidade social o interventor forma parte do sistema de dominación e xeralmente declara de importancia social e de interés xeral o seu interés particular. O gran problema é que, no fondo, o interventor é, ó mesmo tempo, xuíz e parte.

A cuarta ponencia é a de William Francis Mackey, "Typologie des interventions dans le domaine de l'enseignement" (páxs. 209-228). Na introdución expón os criterios de xeralidade e especificidade a que debe responder unha tipoloxía do ensino prás minorías. Fai unha tipoloxía xeral e outras tipoloxías especiais.

Segundo Mackey, unha tipoloxía xeral das intervencións no dominio do ensino prás minorías deberá ter en conta a política xeral do país nos seguintes aspectos:

a) *A política étnica do Estado*. Unha política de integración realízase, ou por exclusión do uso oficial da lingua minoritaria, ou polo camiño dun bilingüismo transitorio que serve de ponte entre dous unilingüismos, o da etnia e o do Estado. Pola contra, unha política de promoción lingüística pode ter como preocupación principal, non só a conservación da lingua minoritaria, senón tamén a valoración do seu estatuto cultural, incluíndo a restauración dun idioma moribundo como lingua nacional.

b) *Os dominios de xurisdición*. Aínda que na maior parte dos países o control da educación é nacional ou rexional ou local, a xurisdición dos asuntos lingüísticos e culturais é ás veces ambigua, posto que a lingua e a cultura forman tamén parte da educación. Nos casos en que estes tres sectores dependen de xurisdicións diferentes non é rara a existencia de conflitos.

c) *A utilización escolar das linguas*. Mackey fai unha tipoloxía barallando as diversas opcións de *política lingüística* (promoción, tolerancia, bilingüismo transitorio, exclusión), de *xurisdición* (nacional, rexional, local) e de *utilización* da lingua minoritaria nos distintos niveis (primario, secundario, colexial, técnico, exclusión).

d) *O Estatuto das linguas minoritarias*. Os elementos decisivos do estatuto da lingua segundo as opcións políticas no dominio da educación comprenden: 1) a importancia numérica da etnia (isto é, o seu rango demográfico), 2) o número de linguas na rexión, 3) o poder, e 4) a independencia cultural.

As tipoloxías especiais no dominio da escolarización das minorías lingüísticas pódense basear ben en variables situacionais, ben en opcións políticas. Na súa tipoloxía especial Mackey analiza as diversas organizacións escolares e, no interior de cada unha delas, o nivel, a repartición e a dosificación das linguas minoritarias.

Esta ponencia aparece comentada por Pierre Maranda (páxs. 229-231), John Macnamara (páxs. 232-236), Guiu Sobiela-Caanitz (páxs. 237-253) e Gerardo H. Alvarez (páxs. 254-258). Dunha maneira semellante a como vimos que criticaba Lengerau o termo "protección", enfréntase Pierre Maranda coa palabra "intervención". Pra el, unha tipoloxía da intervención no dominio do ensino é necesariamente unha tipoloxía dos modos de opresión: "Intervention n'est en effet rien d'autre qu'un droit qu'on accepte ou qu'on s'arroge, de se mêler de ce qui se passe chez autrui. Fort de certaines prétentions ou au nom d'idéaux plus ou moins naïfs, on se croit mandaté pour l'ingérence" (páx. 230). Visión da intervención como intrusismo e como opresión.

A quinta e última ponencia é a de Jacques Brazeau, co título "Typologie sur l'emploi des langues dans l'entreprise privée" (páxs. 259-278). O ponente reconece que no estado actual dos nosos coñecementos do funcionamento de sociedades relativamente homoxéneas e de sociedades compostas, non podemos dicir que esteamos en condicións de elaborar unha tipoloxía das intervencións referidas ó uso das linguas na empresa.

Nos Estados homoxéneos obsérvanse certas medidas legislativas non lingüísticas pra limitar os efectos das invasións culturais.

A nación de poboación diversificada dispón de forzas sociais no interior dos seus territorios pra orientar a empresa e respectar o carácter rexional. A diversidade de grupos crea, non obstante, un perigo constante de que un deles ou o outro utilice as diferencias culturais pra favorecer ós seus en detrimento da prosperidade e do desenvol-

vemento do outro. O Estado que quere asegura-la mais grande igualdade posible entre os seus grupos culturais, controla entón mediante leis e regulamentos o funcionamento da empresa na medida en que o pode facer. Esta regulamentación actúa sobre todo nos actos públicos da empresa que os funcionarios deben supervisar, na comunicación cos organismos estatais, na publicidade e contratos da empresa con particulares, e na xestión do seu persoal.

O Estado liberal adoita non intervir na orientación e concurrencia dos distintos grupos. Esta política de non intervención pode tomar dúas formas. A primeira, de non recoñecer formalmente mais ca un grupo, e tenta a asimilación rápida dos outros (tal e como veu ocorrendo na España contemporánea). A outra (como no caso de Canadá) é a de empregar unha simetría de medios sin evalua-la asimetría das consecuencias; isto leva a que os organismos escollan o que mais lles conveña, conducindo sempre ó trunfo do mais forte. O liberalismo que se sustrae a toda intervención permite a grupos particulares dunha sociedade pluralista busca-lo seu proveito, o da súa lingua e o da súa cultura, en detrimento doutros grupos que se manteñen en progresiva dependencia.

A ciencia política e a sociolingüística teñen moito que progresar antes de poder clasificar e aprecia-las intervencións que suscita o encontro de linguas e de grupos lingüísticos na actividade produtiva. A clasificación de Brazeau limítase a algúns casos históricos de intervencións indirectas e directas. Constitúe, como el di, unha invitación a se interesar polo tema das concurrencias entre linguas na empresa.

A ponencia vai seguida dos comentarios de Pierre Laporte (páxs. 279-281), Toussaint Hočevár (páxs. 282-290) e M.P. Herremans (páxs. 292-298).

Pierre Laporte insiste na pouca información que temos sobre a regulamentación dos usos lingüísticos e sobre o uso das linguas no sistema institucional das organizacións de produción e de distribución de bens e de servizos. Engade que aínda temos menos sobre os efectos destas regulamentacións e das intervencións estatais a que estas dan lugar. Desconfía, por prematuro, do xuício emitido por Brazeau de que nas nacións cultural e lingüísticamente heteroxéneas as regulamentacións e as intervencións estatais nos sectores público e parapúblico producen mais efectos significativos no réxime lingüístico da empresa privada do que son quen de produci-las regulamentacións e as intervencións directas.

Toussaint Hočevár destaca a especial importancia da diferenciación lingüística dos servizos (de venda, profesionais, bancarios, de seguros, de propaganda, etc.); e pensa que un dos factores que explican o interese que hai por estender un sistema lingüístico dado ó meirande número de utilizadores é o feito de que o custo pró utilizador de información escrita diminúe co número de utilizadores. O rechazo da empresa monopolística, que pertence ó grupo A, a se comunicar co grupo B en lingua B, serve pra obrigar ós individuos do grupo B a que aprendan a lingua A, o que produce unha economía externa prós utilizadores do sistema lingüístico A. Por iso un Estado que non sexa instrumento dun grupo dominante privilexiado debería intervir no sector privado alí onde os monopolistas ou oligopolistas parciais restrinxen a oferta de bens e servizos diferenciados.

Respecto ás medidas susceptibles de enxendrar cambios compensadores, está de acordo con Brazeau en que a empresa pública pode ser unha das formas do poder compensador fronte ó sesgo negativo das empresas no que respecta ó emprego da lingua B; pro destaca tamén o importante papel que neste aspecto poden desempeña-las empresas privadas ou as cooperativas controladas polo grupo B.

Nas páxs. 299-309 insértase unha conferencia de Sélím Abou onde se fai unha síntese do que foi o simposium. Nela manifesta a intención do CIRB de desenvolver e sistematiza-la experiencia deste congreso no seu aspecto pluridisciplinario pra esclari-

recer progresivamente tódolos problemas referentes ó plurilingüismo e ó pluriculturalismo, ós conflitos que desencadean ou de que son expresión, á significación positiva ou negativa destes conflitos desde o punto de vista da identidade etno-cultural e da dignidade da persoa humana en xeral.

Na conferencia pronunciada no banquete de clausura (páxs. 311-318), Jean-Marc Léger, despois de congratularse de que se deixara de falar das “minorías” con paternalismo ou con condescendencia, fai unha denuncia do actual neocolonialismo cultural, tanto exterior como interior, que se observa en múltiples áreas do mundo. Só os países chamados “desarrollados” (e aínda destes, moi poucos) teñen a posibilidade non só de innovar, senón de facer coñecer as súas innovacións, de difundir cos seus produtos as súas concepcións e o seu modo de vida, de utilizar masivamente os medios de transporte e de comunicación. De onde resulta inevitablemente unha forma nova de relacións de dominio, tanto mais perigosa canto menos evidente e menos brutal é. O imperialismo tecnolóxico avanta enmascarado, e leva consigo un risco sin precedentes de servidume e de uniformización: preséntase prometendo a mellora material dos individuos, pro leva consigo a destrución das culturas reducíndoas pouco a pouco ó estado de folclore.

Pra evitar isto, debería ser un deber e un dereito de tódalas culturas e comunidades o poder regulamentar as influencias exteriores e poderense defender delas cando polo seu volume e pola súa natureza poidan resultar un factor de alienación e de asimilación. Ataca, neste dominio, o papel do liberalismo que fai o xogo ós mais poderosos en detrimento de certos valores fundamentais. O liberalismo, baixo a falsa defensa da liberdade dalgúns, provoca a servidume da maior parte.

Corresponde a cada comunidade buscar los medios e tomar las medidas propias pra preservar a súa cultura e pra inspirar un desenvolvemento que se inscriba nesta cultura da que procede; pra poder acadar isto cómprelle poder político propio: “il n’ est point d’ avenir pour une culture, c’ est-à-dire pour une nation, sans pouvoir politique et, à la limite, sans pouvoir politique complet” (páx. 318).

Estamos, en suma, diante dunha obra polémica, na que se abordan temas de nivel macrosociolóxico, como os da noción de minoría lingüística, os modos de acción xurídica no dominio lingüístico, a tipoloxía sobre o uso das linguas na empresa privada, abordados desde o prisma de distintas especialidades. As ponencias discutidas no simposium ultrapasan, ás veces, o mero tratamento técnico dos temas, pra deixaren aflorar a ideoloxía dos autores, nalgúns casos mesmo dunha maneira apasionada, o que non é de extrañar, porque apasionante e vital é, sin dúbida, o problema das minorías lingüísticas e étnicas.

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Jesús Moreno y Pedro Peira, *Crestomatía románica medieval*. Cátedra, Madrid, 1979, 24 x 16,5, 496 págs.

Siempre es muy agradable, tanto para el estudiante como para el investigador de Filología Románica, encontrarse con la publicación de una crestomatía, no sólo porque facilita el acceso a los textos, sino también por su valor pedagógico para el comentario filológico; además, suelen presentar novedades de edición textual.

Reseñaremos *Crestomatía románica medieval* en base a dos puntos, objetivos y textos —que consideramos muy importantes—, anticipando que nos sentimos un tanto decepcionados de este trabajo, por cuanto que esperábamos una edición más crítica y objetiva de los textos románicos medievales más importantes. Pero los autores no han